



PLAN DIXITAL

CEIP SAN MIGUEL DE REINANTE - BARREIROS

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

Contido

1.Introdución	2
1.1 Datos básicos do centro.	2
1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro.	3
1.3.Breve xustificación do mesmo.	4
1.4.Proceso de elaboración.	4
2. Situación de partida	5
2.1.Servizos dixitais e mantemento dispoñible.	5
2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO.	5
2.3.Análise DAFO.	7
3. Plan de Acción	11
4. Avaliación do PD	15
4.1.Seguimento do Plan de Acción	15
4.2.Propostas de mellora (revisión)	15
5. Difusión do PD	15

1. Introducción

1.1 Datos básicos do centro.

Tipo de centro: Público

Denominación oficial: CEIP San Miguel de Reinante – Barreiros.

Código do centro: 27000541

Provincia: Lugo

Enderezo: O Souto, s/n

Código Postal: 27793

Teléfono: 982870085

NIF: Q7755168G

Dirección de correo electrónico: ceip.sanmiguel.reinante@edu.xunta.gal

Páxina Web: www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmiguelreinante/

A plantilla do Colexio está formada por 11 docentes con destino definitivo, 1 con destino provisional e 1 mestre de relixión, adscritos como segue:

- 4 mestras de E. Infantil
- 5 docentes de E. Primaria
- 1 especialista en P.T.
- 1 especialista en Inglés.
- 1 especialista de A.L. (compartida)
- 1 especialista en Ed. Musical.
- 1 especialista en Ed.Física.
- 1 Xefa do Departamento de Orientación (compartida).
- 1 mestre de Relixión (compartido).

Actualmente o centro conta con 124 alumn@s.

1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución do PD ao Proxecto Educativo do Centro.

O CEIP San Miguel de Reinante atópase na localidade que leva o mesmo nome, no barrio coñecido por "O Souto". É un dos dous colexios públicos que pertencen ao Concello de Barreiros e, polo tanto, está baixo a titularidade da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia. É un centro de Educación Infantil e Primaria de oito unidades.

A zona caracterízase por ter una poboación maior cunha cantidade de xente nova moi reducida, xa que prefiren trasladarse a vivir e traballar a núcleos próximos (Foz, Ribadeo, Burela,...). Aínda así, nestes últimos anos nótase un certo repunte de natalidade que se manifestou cun aumento de matrícula e estabilidade do centro.

Neste centro escolarízanse nenos/as de San Miguel de Reinante, Benquerencia, Reinante, Vilamar, Cabarcos, San Xusto, Vilamartín.

Hai servizo de transporte escolar. Os nenos/as transportados utilizan o comedor escolar. Polo tanto, realizan o desprazamento en autobús dúas veces ao día: veñen pola mañá e regresan pola tarde. A poboación escolar é eminentemente rural.

O alumnado procede maioritariamente dun medio familiar galegofalante. O caso de nenos/as castelán falantes é de pouca incidencia. Nos últimos anos estase a producir a chegada de numerosos alumnos/as procedentes do estranxeiro (Brasil, Portugal, Marrocos, Paraguai, ...).

O nivel cultural das familias é medio ou medio-baixo.

Os oficios dominantes son: agricultores/as, gandeiros/as, traballadores/as da construción, do transporte, empregados/as...En menor medida hai profesionais con estudos medios ou superiores.

Contribución ao Proxecto Educativo

O presente Plan Dixital ten como obxectivo obter o máximo proveito dos recursos dixitais que temos á nosa disposición, partindo dunha proposta realista e sendo conscientes da dificultade que en moitas ocasións supoñen cambios tan ambiciosos coma este.

Ademais, o Plan Dixital establece as liñas básicas de traballo no eido dixital, algo fundamental na sociedade do século XXI, nun mundo globalizado e dominado pola rapidez da información e pola repercusión de todo o que se move a través da rede. Neste sentido, considérase realmente importante valorar as posibilidades que as TIC poden

achegarnos, sobre todo, tendo en conta que nos atopamos nun centro do rural que non dispón ao alcance da man tantos recursos e opcións como pode ter o alumnado que vive próximo a grandes urbes, aínda que sexamos conscientes da riqueza que a nosa contorna supón para a comunidade educativa do noso centro.

Por último, sinalar tamén que as TIC poden ser o complemento perfecto para a aprendizaxe, pero que non pode nin debe ser en ningún caso substitutivo do contacto coa realidade, coa natureza e co día a día, senón máis ben, unha fiestra que se abre a aquilo que non temos ao noso alcance, que mostre unha realidade que nos abre moitos camiños e posibilidades e un recurso inesgotable

1.3. Breve xustificación do mesmo.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así no artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Para a elaboración do Plan Dixital teranse en conta os principios:

- a) A resposta á realidade social resultante do uso xeneralizado das tecnoloxías de comunicación en múltiples aspectos da vida cotiá.
- b) O enfoque cara unha comprensión integral do impacto persoal e social da tecnoloxía e unha reflexión ética acerca da relación entre tecnoloxías, persoas, economía e medio ambiente.
- c) A transformación dixital que inclúa unha visión da competencia dixital máis moderna e ampla, acorde coas recomendacións europeas relativas ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

1.4. Proceso de elaboración.

O Plan Dixital permitirá planificar a liña de formación e realizarse en base á información recollida do informe de análise da situación do centro.

Durante o primeiro trimestre do curso 2021/2022, o centro realizou a análise de situación mediante a ferramenta de autoavaliación SELFIE e o test CDD. Así iniciou a fase de diagnose e o deseño e elaboración do Plan Dixital.

Realizamos o DAFO do centro a finais do segundo trimestre e o Plan de Acción ao comezo do terceiro trimestre, obtendo os obxectivos que marcarán o noso Plan Dixital.

No último trimestre do curso 2021/2022, o Plan Dixital será aprobado polo consello escolar, unha vez oído o Claustro.

O centro poderá realizar, previo á aprobación, unha segunda análise da situación da competencia dixital de centro para a elaboración do Plan Dixital.

No curso 2022/2023, o centro procederá á implementación efectiva do Plan que estará sometido a un proceso de avaliación e mellora continua.

2. Situación de partida

2.1. Servizos dixitais e mantemento dispoñible

No CEIP San Miguel de Reinante Barreiros dispónse do seguinte equipamento:

Despacho dirección	2 equipos de sobremesa e 1 impresora.
Sala do profesorado	2 equipos de sobremesa e 2 impresoras (b/n e outra a cor).
Departamento de Orientación	1 equipo de sobremesa.
Biblioteca	1 ordenador de sobremesa para a realización dos préstamos e a xestión da biblioteca. 1 impresora. 5 equipos de sobremesa para uso do alumnado. 5 equipos portátiles para uso do alumnado. 1 tablet (Ipad) Panel dixital interactivo
Aulas de infantil	2 paneis dixitais interactivos. 1 ordenador de sobremesa/aula. 1 tableta/aula?
Aulas de 1º e 2º de Primaria	1 ordenador de sobremesa/aula. 1 canón proxector/aula.
Aula de 3º de Primaria	1 ordenador portátil.

	1 canón proxector.
Aula de 4º de Primaria	1 ordenador de sobremesa. 1 canón proxector. 1 encerado dixital interactivo.
Aulas de 5º e 6º de Primaria	40 equipos portátiles para o alumnado. 2 encerados dixitais interactivos.
(cursos Edixgal)	6 equipos portátiles para o profesorado.
Aula de PT	1 ordenador de sobremesa. 1 tablet.
Aula de AL	1 ordenador de sobremesa. 1 tablet.
Aula de inglés	1 ordenador de sobremesa. 1 canón proxector. 1 encerado dixital interactivo.
Aula de música	1 ordenador de sobremesa. 1 canón proxector. 1 encerado dixital interactivo.
Conserxería	1 fotocopiadora.
OUTROS DISPOSITIVOS	
2 cámaras dixitais. 1 dron UHE. 1 impresora 3D. 1 equipo de estudio KROMA. 1 equipo amplificador con mesa de son e altosfalantes en columna.	
ROBÓTICA	
9 equipos MBOT.	

Con respecto á conectividade, todas as dependencias do centro contan conexión sen fíos a internet. Ademais, dispónse de 3 liñas de voz: 2 no despacho de dirección e unha terceira no Departamento de Orientación.

O centro participa nos seguintes plans ou proxectos: Edixgal, PROA, ARCO e Voz Natura.

Asemade, o centro dispón dos seguintes servizos dixitais:

- Páxina web.
- Aula virtual.
- E-Dixgal.
- Abalar.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO.

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Post Secundaria
A-Liderado	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado					
B-Colaboración e redes	Equipo Direct.	2,7				
	Profesorado	2				
	Alumnado	4,3				
C-Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado	4,7				
D-Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,2				
	Profesorado	2,9				
	Alumnado					
E-Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,6				
	Profesorado	4				
	Alumnado					
F-Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	3,6				
G-Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,8				
	Profesorado	2,7				
	Alumnado					
H-Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	3,3				
	Alumnado	4,6				

Participación segundo perfil do profesorado.

	Nº profesorado que participa	Nº profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	12	83,3%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	2	2	100%
SUBSTITUTO	1	1	100%
DESPRAZADO (OUTROS)			

Puntuación e nivel de competencia do centro.

Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia(sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
70,9	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

Puntuación e nivel competencial por etapas.

	Puntuación media do test (sobre192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia(sobre192)	Nivel de competencia en Galicia
INF.	57	Explorador/a (A2)	68,2	Integrador/a (B1)
PRI.	79,3	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

Distribución do profesorado por niveis.

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	5	35,7%
B1	7	50%
B2	2	14,3%
C1		
C2		
TOTAL	14	

2.3. Análise DAFO.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS - EQUIPAMENTO	<p>Existencia de pantallas dixitais en infantil e biblioteca.</p> <p>Equipamento Edixgal.</p> <p>Canóns proxectores nas aulas.</p>	<p>Recursos dixitais escasos ou obsoletos nas aulas que non son Edixgal.</p> <p>Adquisición complementaria de equipos que non teñen soporte técnico.</p> <p>Atractivo das plataformas dixitais corporativas.</p> <p>Estrutura física do centro en 2 edificios independentes que dificultan a coordinación.</p> <p>O tamaño das aulas e o mobiliario é inadecuado para o traballo cos equipos dixitais.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>Uso da aula virtual.</p> <p>Gran parte do profesorado implicado neste cambio.</p>	<p>Inseguridade ante os cambios promovidos polas TIC e dificultade para saír da zona de confort pedagóxica.</p> <p>Formación dixital básica do profesorado.</p> <p>Falta de tempo para explorar/innovar.</p> <p>Parte do profesorado non domina a creación de contidos dixitais.</p> <p>Escasos recursos dixitais nas aulas de infantil.</p>
	PERSOAL NON DOCENTE		

	ALUMNADO	<p>Uso da aula virtual.</p> <p>O alumnado de 5º e 6º ten unha sesión semanal de robótica.</p> <p>Acceso a E.lbe.2 (plataforma de préstamo dixital).</p>	<p>O alumnado non dispón dun espazo propio para a aula de informática nin de tablets.</p>
	FAMILIAS	<p>Comunicación coas familias a través de ABALAR.</p> <p>Todas as familias teñen acceso a medios para a comunicación dixital.</p>	<p>Formación dixital básica de moitas familias.</p> <p>Inseguridade ante o cambio de ensinanza tradicional a Edixgal.</p> <p>Non todas as familias dispoñen de medios distintos ao teléfono móbil para o acceso aos contidos dixitais.</p>
	OFERTA	<p>Gran parte do profesorado é consciente da importancia de mellorar a CD.</p>	<p>Excesiva formación non presencial.</p> <p>Perda de asesores CFR na nosa zona educativa.</p> <p>Formación limitada ao proposto polos CFR.</p>
	ORGANIZACIÓN DE CENTRO	<p>Utilización dos recursos corporativos para a comunicación e a información ás familias.</p>	<p>Uso de ferramentas alleas á Consellería.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Edixgal en 5º e 6º.	<p>Excesiva formación non presencial.</p> <p>Falta de tempo específico na xornada laboral destinado á mellora da competencia dixital.</p> <p>Exceso de burocracia que non sabemos a que nos conduce.</p> <p>Orzamento insuficiente para cubrir as necesidades dixitais.</p> <p>Escasos recursos dixitais en galego.</p>
	LEXISLACIÓN		Curriculum inabarcable.
	CONTORNA		A calidade das conexións no rural.
	ANPA		Falta de oferta de actividades relacionadas coas TIC.
	OUTRAS ENTIDADES	<p>Bancos de recursos dixitais de calidade á nosa disposición.</p> <p>Ferramentas dixitais gratuítas, de fácil manexo e atractivas para o alumnado.</p> <p>Retroalimentación inmediata coas actividades en liña.</p>	<p>Falta de grandes empresas/industria que colaboren co centro e/ou coa localidade.</p> <p>Escasos recursos dixitais en galego.</p>

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para elaborar o Plan de Acción partiuse da análise DAFO do noso centro e logo valoráronse aqueles obxectivos que se consideran prioritarios e realistas para que o plan

poida saír adiante, sendo este un punto de partida que posibilite ir alcanzando unha dixitalización eficiente e eficaz da realidade educativa do noso centro educativo, sen esquecer as características do noso alumnado, os recursos dos que se dispón e as necesidades detectadas en relación coa súa utilización.

É por isto que se estableceron unhas áreas prioritarias de actuación e unha serie de obxectivos, que veñen detallados nas táboas que se presentan a continuación.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Por todo o exposto anteriormente, detállanse a continuación as seguintes necesidades de mellora:

- Paneis dixitais interactivos en todas as aulas: debido a que os canóns proxectores dos que se dispón nas aulas de primaria non permiten a interacción do alumnado cos contidos, polo que resulta un medio obsoleto, que só posibilita a visualización de contidos, vídeos...
- Equipos informáticos para administración e para todas as aulas de infantil e primaria (agás as dúas aulas Edixgal): xa que estes dispositivos están obsoletos e precisan de reparacións constantes.
- Impresora/fotocopiadora para o edificio novo: tendo en conta a distribución espacial do centro, dividido en edificios independentes, a existencia deste servizo facilitaría a labor tanto dos docentes como do alumnado.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: D- Desenvolvemento profesional continuo.							
OBXECTIVO 1:	Integrar os recursos dixitais dispoñibles na actividade académica.					Acadado	
Responsable:	Equipo TIC					Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Integración de recursos dixitais nun proxecto por curso.						
Valor de partida:	Utilización ocasional das TIC.						
Valor previsto e data:	Integración das TIC nun dos proxectos do curso.				30/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER							
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN			
				VALORACIÓN DA ACCIÓN		ESTADO	
AO1.1: Formar ao profesorado nas posibilidades que ofrece este recurso.	Equipo TIC	30/06/2023	Solicitud de formación ao CFR.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.2: Dotar todas as aulas de equipamento requirido.	Equipo directivo.	22/12/2022	Solicitud de pantallas para todas as aulas, incluídas as de atención á diversidade.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	
AO1.3: Realizar actividades empregando as TIC dentro das aulas.	Profesorado.	30/06/2023	Tempo de coordinación e dispositivos dixitais.			Realizada	
						Aprazada	
						Pendente	

Área/s de mellora: F. Pedagogía e implementación na aula.

OBXECTIVO 2:	Implementar os proxectos vixentes vinculados á innovación educativa e dixital.			Acadado		
Responsable:	Equipo TIC			Non acadado		
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Número de actividades/proxectos que se levaron a cabo durante o curso.					
Valor de partida:	Robótica en 5º e 6º e utilización moi ocasional da impresora 3D.					
Valor previsto e data:	Realización dun proxecto no curso que integre estes recursos.			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO2.1: Dotar de recursos o proxecto de iniciación á robótica.	Equipo TIC	Outubro de 2022	Económicos con cargo a gastos de funcionamento.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Vincular a máis profesorado aos proxectos de innovación existentes.	Equipo TIC	Setembro de 2022	Claustro do profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Coñecer experiencias semellantes que se leven a cabo noutros centros.	Coordinador TIC	Xuño de 2023	Asesoría CFR. Claustro do profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.4: Solicitar o polo creativo.	Equipo directivo	Maio – Xuño de 2022	Solicitud en programas educativos.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO2.5: Participar no programa Polos Creativos.	Equipo TIC	Curso 2022/23	Claustro do profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: E. Pedagogía: apoio e recursos.

OBXECTIVO 3:	Colaborar coas familias no uso das TIC.	Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC	Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de familias con necesidade de información en ferramentas TIC (cuestionario).		
Valor de partida:	80% das familias de novo alumnado e do alumnado de 5º (curso Edixgal) con necesidades de formación.		
Valor previsto e data:	0% das familias con necesidades de formación (100% das familias formadas).	Decembro 2022.	

ACCIÓNS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO3.1: Formar e incentivar nas familias o uso da plataforma ABALARPRO como medio de comunicación oficial.	Titores/as.	1º trimestre 2022.	Reunión informativa. Titoriais. Titorías.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.2: Dotar ás familias de coñecementos básicos sobre o funcionamento e inquedanzas do proxecto Edixgal.	Coordinador Edixgal/titorías cursos Edixgal.	1º trimestre 2022.	Reunión informativa. Titoriais. Titorías.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.3: Solicitar charlas informativas de uso responsable das tecnoloxías.	Equipo directivo	Curso 2022/2023.	Solicitude de charla.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO3.4: Detectar a fenda	Titorías	Setembro 2022.	Cuestionarios.		Realizada	

dixital.	Equipo directivo				Aprazada	
					Pendente	
AO3.5: Solicitar os medios necesarios para paliar a fenda dixital.	Equipo directivo.	Setembro de 2022.	Solicitud ao organismo correspondente.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: E. Pedagogía: apoio e recursos.

OBXECTIVO 4:	Converter a páxina web do colexio nun punto de información e recursos.		Acadado	
Responsable:	Coordinador TIC.		Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:	Porcentaxe de información transmitida pola web do centro.			
Valor de partida:	10% da información do centro transmitida pola web do centro.			
Valor previsto e data:	Entre o 80% e o 100% da información do centro transmitida pola páxina web.	Xuño 2023.		

ACCÍONS A DESENVOLVER

DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
AO4.1: Chuvia de ideas entre o claustro para achegar ideas de como sacarlle máis partido á páxina web e valorar a creación dalgunha conta nunha rede social (Instagram, Twitter).	Equipo TIC e claustro.	Setembro 2022	Ferramentas corporativas. Claustro do profesorado.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

AO4.2: Nomear aos responsables da dinamización da web e das redes e habilitar contrasinais de acceso.	Equipo TIC	Setembro 2022	Páxina web do centro. Redes sociais.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO4.3: Dinamizar a páxina web do centro e as redes sociais.	Equipo TIC	Curso 2022/2023	Páxina web do centro. Redes sociais. Equipos electrónicos.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO4.4: Informar e concienciar ao profesorado da importancia de trasladarlle ao equipo TIC a información sobre as actividades máis importantes que se van realizando co obxectivo de compartila na web e nas redes sociais.	Equipo directivo	Curso 2022/2023	Claustro do profesorado.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
AO4.5: Compartir información de interese para o alumnado e as familias en redes sociais e web do centro.	Equipo TIC	Xuño 2023	Páxina web do centro. Redes sociais. Equipos electrónicos.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

4. Avaliación do PD

4.1. Seguimento do Plan de Acción

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos será o que segue:

- No contexto da **avaliación procesual** realizarase, como mínimo, unha reunión trimestral do equipo de dinamización do Plan Dixital, co obxectivo de analizar o estado da execución das accións propostas, a análise e valoración dos resultados acadados, podendo dar lugar a unha modificación das accións e novas propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** realizarase unha reunión do equipo de dinamización do Plan Dixital a finais de curso, co obxecto de valorar o logro dos obxectivos previstos inicialmente, así como determinar as propostas de mellora.

4.2. Propostas de mellora (revisión)

Logo das reunións do equipo de dinamización do Plan Dixital e, en base ás análises dos resultados acadados, determinaranse as propostas de mellor que se consideren axeitadas en cada caso.

5. Difusión do PD

O presente Plan Dixital foi presentado ao Claustro do profesorado con data (xx/06/2022) e aprobado polo Consello Escolar con data (xx/06/2022).

Así mesmo, estará a disposición de toda a Comunidade Educativa do Centro a través da páxina web (<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanmiguelreinante/>).